



## 1.4 A música en Roma


Como en casi tódolos capos artísticos, Roma foi fiel tributaria de Grecia tamén na música. Aínda que os romanos tamén realizaron algunhas aportacións propias, o esencial do linguaxe musical romano e a tradición proviñan do mundo helénico.



Na **época etrusca (do 1000 aC. Ó 500 aC)**, a influencia dos gregos da Magna Grecia era xa moi importante, constatándose a importación de música e obras teatrales. Os romanos desenrolaron cerimoniais relixiosas con música propia e instrumentos propios.



Pero a dependencia de Grecia foi en aumento, máxime cando Roma no s. II aC. Apoderouse da península helénica. Unha riada de músicos, tañedores e poetas se trasladou a Roma para ofrecer os seus valiosos servizos ó patriciado romano.



Nembargantes, a música romana, aínda que tivo indudable importancia, non asemella penetrar na sociedade coa mesma importancia que o fixo en Grecia. Nos textos romanos son escasa as citas musicais (a excepción dalgún texto de Cicerón).



Na **etapa imperial (a partir do ano 44 aC.)**, algúns emperadores sobresaíron polo seu interese pola música. O que máis destacou foi Nerón, pero a súa adicación musical foi oscurecida polo seu carácter violento e a “mala prensa” respecto ó cristianismo, que se adicou a ridiculizar á persoa sistemáticamente. Nerón fomentou a música en Roma e incluso viaxou a Grecia para participar en competicións musicais, as cales procurou que arraigaran tamén na propia Roma. Téñense novas de magnos concertos con instrumentistas, cantantes e citaristas, formando espectáculos multitudinarios que atraían a un público adicto. Sin embargo, desta música romana quedan aún menos testimonios efectivos que da música grega.

Coa aparición do cristianismo, Roma foi a cuna da música relixiosa cristiá, que se desenrolou na clandestinidade, ata que o edicto de Milán (313 dC.) deu ós cristiás a liberdade de culto. A partir deste momento, os cristiás para separarse do culto hebreo, declararon o uso de instrumentos como costumbre pagana. Os cantos e a cultura en xeral tiverón unha época oscura ata que comenzaron a recopilarse os cantos gregorianos a finais do s.VI dC.

